

PERSOAL

MLP/eva

Refª: convocatoria-bases específicas educador consolidacion de empleo 2008.doc

Asunto: conv. e bases específicas funcionario 1 Educador social qcet

DECRETO NÚMERO 566/2008 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DITADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

Ilmo. Sr. Don JOSÉ RÁBADE ARIAS, Tte. De Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, a nove de xullo do dous mil oito.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 2.04.2008, aprobou a Oferta de Emprego Público para o ano 2008, publicándose no Boletín Oficial da Provincia número 90 de data 19.04.2008

Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 18.06.2008, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Educador/a Social, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, incluída na referida Oferta de Emprego.

Polo exposto anteriormente, en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local, no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e acordo número 1/877 do dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, do 18.10.2004 e acordo número 3/533 de 20.06.2008, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso -oposición, para o acceso a unha praza de Educador/a Social, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, que se rexerá tanto polas Bases Xerais para o acceso en propiedade a plazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 do 9.07.2008 e como polas bases específicas tamén aprobadas por dito órgano na mesma sesión, que seguidamente se transcriben:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE EDUCADOR/A SOCIAL PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

1º.- **OBXECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como

PERSOAL

MLP/eva

Ref^o: convocatoria-bases específicas educador consolidación de emprego 2008.doc

Asunto: conv. e bases específicas funcionario 1 Educador social qcet

funcionario de carreira, a unha praza de educador/a social, do cadro de persoal do Excmo. Concello de Lugo, no marco do proceso de consolidación de emprego temporal en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL".

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ó/á aspirante nomeado/a, través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: educador/a social
- b) Grupo de titulación: GRUPO A (subgrupo A2)
- c) Outras características:
 - Escala: administración especial
 - Subescala: técnica
 - Clase: técnico medio

3º.- SISTEMA SELECTIVO. De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo na quenda de consolidación de emprego temporal, o sistema selectivo será o de concurso oposición.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Título de diplomado en educación social ou ben encontrarse nalgún dos supostos previstos pola lei 1/2001, de 22 de xaneiro, de creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 16 €, de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose

PERSOAL

MLP/eva

Refª: convocatoria-bases específicas educador consolidacion de empleo 2008.doc

Asunto: conv. e bases específicas funcionario 1 Educador social qcet

que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en calquera das oficinas de Caixa Galicia, no número de conta 2091 0152 26 3110001309.

De conformidade, así mesmo, co previsto no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o importe da taxa por dereitos de exame poderá facerse efectivo mediante xiro postal ou telegráfico ou mediante transferencia á conta enriba sinalada.

O importe dos dereitos de exame só será devolto a quen non fose admitido por falla dalgún dos requisitos esixidos para tomar parte nas probas.

- d) Do mesmo xeito, deberá xuntarse á instancia os méritos que a persoa aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso.

6º.- PROCESO SELECTIVO

1.- Fase de concurso.

Para a fase de concurso estarase ó disposto na base sexta das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios do Excmo.Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

2.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 12 temas e figuran nas bases décimo cuarta e décimo quinta das bases xerais xa citadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ó chou, un de cada unha das partes en que se divide o temario de materias específicas. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de tres horas.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de 90 minutos, un suposto práctico que formulará o tribunal

PERSOAL

MLP/eva

Ref^o: convocatoria-bases específicas educador consolidación de emprego 2008.doc

Asunto: conv. e bases específicas funcionario 1 Educador social qcet

inmediatamente antes do comezo do exercicio, e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias dos titulares destas prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que aterse ó disposto na base décimo terceira letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

1ª PARTE

- 1.- Os servizos sociais e a Administración pública a nivel estatal, autonómico e local.
- 2.- Recursos sociais e prestacións existentes no concello de Lugo.
- 3.- Lei galega de servizos sociais.
- 4.- A animación sociocultural. Definición. Animación sociocultural na infancia, na xuventude e na terceira idade.
- 5.- O educador social. Funcións e tarefas. Ámbitos concretos de intervención. Obxectivos da acción socioeducativa. Persoas destinatarias.
- 6.- A filiación. Concepto e clases.
- 7.- A persoa. A personalidade en xeral. Comezo e fin da personalidade individual. A capacidade xurídica e as súas limitacións. A persoa xurídica.
- 8.- Planificación e programación de proxectos socioeducativos.
- 9.- Equipamento cultural e educativo da cidade de Lugo. Mapa escolar da cidade de Lugo.
- 10.- Modelos de intervención na educación desde os concellos.
- 11.- Lei de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

PERSOAL

MLP/eva

Refª: convocatoria-bases específicas educador consolidación de empleo 2008.doc

Asunto: conv. e bases específicas funcionario I Educador social qcet

12.- A familia como obxecto de intervención na educación social: concepto, estrutura e funcións. Modelos técnicos de intervención.

13.- Requisitos específicos que deberán requirirse no centro de acollida para mulleres vítimas de malos tratos. Regulamento dos pisos de acollida a mulleres no concello de Lugo.

14.- O sistema español de Seguridade Social. Normativa: pensións non contributivas e contributivas. A asistencia sanitaria.

15.- Renda de integración social de Galicia. Definición, requisitos, persoas beneficiarias e prestacións económicas.

16.- A entrevista. Consideracións xerais. Etapas da primeira entrevista. A alianza terapéutica: o educador e a familia.

2ª PARTE

17.- A Lei galega de familia, infancia e adolescencia. Os dereitos da familia, infancia e adolescencia. Protección da familia.

18.- A adopción na Comunidade Autónoma Galega.

19.- Centros de menores e centros de atención á infancia. O proxecto educativo nos centros de menores.

20.- A garda. Asunción, solicitude e procedemento. Forma e exercicio. Persoas que poden exercer a garda. A relación dos menores cos seus pais. A cesión da garda.

21.- O acollemento familiar. Formalización e compensación económica. Inscrición no rexistro das solicitudes de acollemento familiar. Valoración da idoneidade das persoas solicitantes. Documento de formalización do acollemento. A cesión do acollemento.

22.- A violencia de xénero. Conceptualización. Tipos de maltrato: o maltrato psicolóxico e o maltrato físico. Características. Modelos explicativos do maltrato. O ciclo da violencia. Mitos acerca da violencia de xénero.

23.- As axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio.

24.- Os malos tratos na infancia. Definición. Tipoloxía. Factores de risco. O proceso de intervención ante o maltrato infantil.

25.- A adolescencia. Definición. Cambios físicos e psicolóxicos. Pautas educativas.

26.- A marxinação social: concepto, causas, clasificación.

27.- Minorías étnicas: necesidades e recursos.

28.- Educación para a igualdade. Deseño de programas de prevención de violencia de xénero. Obxectivos. Metodoloxía. Contidos e propostas de traballo.

29.- A intervención familiar en situación de crise. Características e técnicas.

PERSOAL

MLP/eva

Refª: convocatoria-bases específicas educador consolidación de empleo 2008.doc

Asunto: conv. e bases específicas funcionario I Educador social qcet

30.- O xogo: teorías, ludoterapia. O xogo dirixido. Aplicacións educativas. Educación para o ocio. Programas de ocio e tempo libre.

31.- O grupo: concepto e tipoloxías. Concepto de liderado. Estrutura. Características.

32.- Acción socioeducativa no medio aberto. Educación de rúa.

3ª PARTE

33.- O equipo comunitario. A educación para a convivencia e para a paz.

34.- A educación e o desenvolvemento de actitudes cooperativas, democráticas e civís. Estratexias de educación intercultural.

35.- Lei orgánica de educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio. Estrutura e contidos.

36.- Os programas de garantía social. A formación e orientación ocupacional.

37.- A formación profesional específica. Os ciclos de grao medio e superior.

38.- A educación especial. O desenvolvemento normativo. O concepto de alumno con necesidades educativas especiais.

39.- Os fins da educación. Visión histórica e conceptual.

40.- Terceira idade: concepto e aspectos sociais do envellecemento. Necesidades e recursos.

41.- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

42.- Dificultades e problemas na adquisición da linguaxe escrita. Intervención educativa.

43.- A ensinanza de habilidades básicas e hábitos de autonomía, principalmente en menores con déficits ou disfuncións.

44.- Drogodependencias e alcoholismo: concepto, problemática social e laboral, servizos e recursos.

45.- O absentismo escolar. Concepto. Causas. Protocolo de actuación.

46.- Programas de adestramento en habilidades sociais. Habilidades básicas de comunicación e de resolución de conflitos.

47.- A educación ambiental: concepto e fins.

48.- A educación permanente de adultos.”

SEGUNO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo,

PERSOAL

MLP/eva

Refª: convocatoria-bases específicas educador consolidacion de empleo 2008.doc

Asunto: conv. e bases específicas funcionario 1 Educador social qcet

poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.